

ACTA Nº 03/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 18 de xaneiro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:25 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 55/09, do 28 de decembro de 2009, e 01/10, do 4 de xaneiro de 2010 respectivamente, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

EXPTE. 115/08 - COVIXERGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE VIVENDAS presenta modificado de básico e proxecto de execución de edificio de vivendas (8 vivendas VPA) na rúa Fragata Lealtad, redactado polos arquitectos D. Luis Collarte Rodríguez e D. Alfonso Rodríguez Garrido, visado polo COAG o día 26 de novembro de 2009.

Dáse conta do informe do arquitecto D. Gumersindo Ferro Pichel, como asistencia técnica municipal ao Concello, do día 15 de decembro de 2009, que literalmente di:

Informe: sobre Proxecto modificado de básico e proxecto de execución de edificio de 8 vivendas de VPA, na rúa Fragata Lealtad (expte. 115/08).

Antecedentes

En data 6 de outubro de 2008 concédese licenza de obra para a realización de edificio de 9 vivendas de VPA, na rúa Fragata Lealtad. Preséntase este modificado a esixencia do IGVSA. O proxecto presentado con data de visado colexial 26/11/2009, do que se aporta certificado de visado dixital, e redactado polos arquitectos Luis Collarte Rodríguez e Alfonso Rodríguez Garrido.

CONSIDERACIÓNS

- 1.- O Proxecto modifica o primitivo a nivel distribución, reducindo o número de vivendas a 8 unidades.
 - 2.- No apartado 5.- Memoria urbanística, reflíctese cadro comparativo de cumprimento detectándose un erro na superficie do local comercial en planta baixa onde debería dicirse 261,33 m² en lugar dos 61,33 que figuran, non considerándose a súa modificación unha vez que se cumpre o parámetro de edificabilidade a así se recolle na parte correspondente superficie total da planta baixa.
 - 3.- O Proxecto dispón da documentación completa, incluíndo proxecto específico de instalacións e proxecto de infraestruturas de telecomunicacións redactado por técnico competentes.
 - 4.- Na memoria do proxecto, xustifícase o cumprimento do CTE nos seus diferentes apartados así como a normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e a de habitabilidade, así como a normativa de aplicación no momento de inicio de tramitación do expediente.
 - 5.- Os planos presentados considéranse suficientes para a realización da obra.
 - 6.- O orzamento de execución material da obra acada os seiscentos sesenta mil oitocentos trinta e seis euros con sesenta céntimos (660.836,60 €)
- Por todo isto e despois de estudadas as consideracións anteriores, pódense deducir as seguintes

CONCLUSIÓNS

O Proxecto modificado de básico e proxecto de execución de edificio de 8 vivendas de VPA, na rúa Fragata Lealtad, infórmase FAVORABLEMENTE para obtención de licenza de obras, debendo concederse esta de novo, unha vez que o proxecto supón unha modificación do básico para o que se obtivo licenza previamente.

Examinados o informe do técnico e do secretario municipais,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes; e tras o pagamento das taxas correspondentes.

Segundo: que, de ser o orzamento do modificado superior ao inicialmente aprobado, se proceda á realización dunha liquidación complementaria de tributos.

3.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de obra menor, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 238/09 – D. BENJAMÍN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ solicita licenza de obras para a reconstrución de acera existente de formigón impreso, colocación de plaqueta antideslizante e chorreo, limpeza e pintado de muro existente. Reconstrución de acera existente de formigón 170,00 m2, colocación de plaqueta antideslizante 115,00 m2, chorreo, limpeza e pintado de muro ext. 19,00 m2. Orzamento das obras 5.370,00 euros, a realizar en Carballadasma nº 25.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 13 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO:OBRAS DEFINIDAS NA SOLICITUDE (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Obras de conservación para reconstrución de solado existente, chorreo, limpeza e pintado de muro e colocación de plaqueta antideslizante.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	150,36 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. Xerardo Abrales Fernández. no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada en Meira, lugar de Couso s/n, pertencente á licenza de obra Expte. nº 104/06 [concedida pola XGL en sesión de data 21.05.2007].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 15 de xaneiro de 2010 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de conexión aos sumidoiros.

- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Camilo García Álvarez, o día 20 de maio de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 19 de outubro de 2009; asinado polo arquitecto D. Teodoro de Francisco Antes o día 20 de maio de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 20 de outubro de 2009.

- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens, modelo 902-N.

INFORMO:

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra. Informo **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 104/2006, ao seu promotor D. Xerardo Abraldes Fernández, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE

EXPTE. 197/09 – D.^a MARÍA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ presenta proxecto de acondicionamento de local destinado a consulta dental a situar no abrrio de Palmás, núm. 63, baixo, Domio, Moaña, redadacto por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendo o arquitecto técnico D. Cristobal Juncal Ríos, visado o día 02.10.2009

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 13 de xaneiro de 2010 que literalmente di:

Asunto: Adaptación de local asociado a unha licenza de actividade clasifica destinada a apertura de consulta dental.

INFORME:

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúnio de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o otorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e , ademais, licenza urbanística, serán obxero duna soa

resolución, sin perjuicio da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concurrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenzia de actividade ou de apartura ten prioridade sobre a correspondente licenzia urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenzia de actividade.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/ construcións.....	248,84 €
Taxa licenza urbanística	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 197/09 en tanto non se remate o trámite da licenza de apertura.**

5.B) DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR URBANIZACIÓN –EXPTE. 116/02

Visto o escrito presentado por D. Juan Carlos Nogueira Calvar no que expón que finalizou as obras do expediente 116/02 e solicita a devolución da fianza de 495,51 euros depositada.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 15 de xaneiro de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 18 de xaneiro de 2010, á devolución da fianza depositada por D. Juan Carlos Nogueira Calvar e D. Jesús Nogueira Paredes, expte. de obra 106/02, por importe de 495,51 euros, (nº de documento 2002-197-0).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza por importe de 495,51 euros a favor dos seus promotores D. Juan Carlos Nogueira Calvar e D. Jesús Nogueira Paredes.

5.C) SOLICITUDE DE D. MANUEL VIDAL GONZÁLEZ – EXPTE. 269/05

D Manuel Vidal González, por escrito con entrada no Concello o día 27 de abril de 2009, solicita a devolución das taxas pagadas pola solicitude de licenza de “proxecto básico: ampliación edificio de vivendas” na rúa Fragata Lealtad e estrada de Marín-O Con- Moaña, debido á non execución das obras.

Vista a liquidación provisional feita o 11 de agosto de 2005 dende a intervención municipal e o recibo do 25 de agosto de 2005 da recadación municipal polo pagamento de dita liquidación, polos conceptos de ICIO 11.092,87, taxas 990,44 euros, cartel de obra 110,00 euros, conexión sumidoiros 2370,00 euros.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 9 de novembro de 2009 no que indica que as obras non foron iniciadas,

Visto o informe da tesoureira municipal do 23 de novembro de 2009, que logo de indicar a lexislación e normativa examinada, informa que:

Polo que atinxe ó imposto de instalacións construcións e obras é preciso suliñar o seguinte.

De acordo co disposto no artigo 100.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe o feito impositivo a "realización" de calqueira instalación, construción ou obra, dentro do termo municipal, para a que se requira a oportuna licenza, de xeito que, tal e como se dispón no artigo 102.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o devengo do imposto, e polo tanto a obriga tributaria, xurden nese intre.

Así pois, dado que, de acordo co informe suscrito por Jose Manuel Carballo Moldes, non se ten producido a actuación definitiva do feito impositivo do imposto, nin, polo tanto, o devengo do mesmo, non xurde obriga tributaria algunha por tal concepto nin dereito de tal natureza do que sexa titular o Concello de Moaña que xustifique o ingreso do imposto.

A argumentación precedente coincide coa defendida pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, sentenza de 13 de outubro de 2001)

Polo que atinxe á devolución do importe correspondente á taxa da licenza, de acordo co disposto na Ordenanza reguladora da taxa por concesión de licenzas urbanísticas do Concello de Moaña, aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 (BOP núm. 250, do 30 de decembro) no seu artigo 11.4, a renuncia á concesión da licenza determinará unha redución do seu importe do 50%.

Neste punto é preciso destacar as irregularidades nas que incurre tal normativa, polo que se expón a continuación a liña xurisprudencial na que se argumenta a falta de xustificación do cobro da taxa no suposto de que non se produza a concesión da licenza.

A Sala Terceira do Contencioso-administrativo, Sección Segunda do Tribunal Supremo, na súa sentenza de 11 de febreiro de 2005 indica:

"..como esta Sala tiene reiteradamente declarado, de acuerdo, por otro lado, con cuanto establecían los arts. 6.b) del Real Decreto 3250/1976, de 30 de diciembre, 199.b) del Texto Refundido de 18 de abril de 1986 y establecen, actualmente, los arts. 20 y concordantes --fundamentalmente el 23.2.b)-- de la vigente Ley de Haciendas Locales, el hecho imponible de esta tasa es, precisamente, la autorización municipal para construir como resultado de la prestación de unos servicios o la realización de actividades de la competencia municipal que concretan en el solicitante la cualidad de beneficiario y, por ende, de sujeto pasivo --Sentencias, entre otras, de 7 de junio y 18 de diciembre de 1995, y la de 9 de junio de 1998--, de tal suerte que si el Ayuntamiento deniega la licencia no puede exigir el pago de liquidación alguna por este concepto. De ahí que lo decisivo para legitimar esta tasa no sea el sentido de las actividades municipales a desarrollar con motivo de la solicitud de la licencia, esto es, que tales actividades --principalmente de orden técnico-urbanístico-- sean o no favorables a su concesión, sino al acto final de otorgamiento; la tasa por licencia urbanística sólo es exigible en el caso de que la licencia haya sido efectivamente obtenida.

Como recordaba la sentencia de 19 de enero de 2002 (Rec. casación nº 6966/1996), a propósito también de determinar si era exigible una tasa por licencia de obras que no llegó a expedirse por desistimiento de la entidad interesada, que había abonado su importe al presentar la solicitud, las sentencias de 16 de mayo de 1989, 24 de febrero de 1992 y 18 de diciembre de 1995 expresan la doctrina de esta Sala relativa a que la actividad municipal se ordena a un resultado --la

obtención de una licencia-- de tal modo que si la actividad municipal conduce a una denegación de lo solicitado desaparece la razón de ser del tributo. Dicha doctrina se ha mantenido con posterioridad a estas citas de forma continuada, pudiendo citarse, entre otras, nuestras sentencias de 13 de enero --dos sentencias de esta fecha--, y 24 de septiembre de 1996, 12 de junio y 3 de julio de 1997, 16 de abril de 1998, 30 de marzo de 1999, así como cuantas en ellas se citan.

En palabras de la sentencia de 12 de junio de 1997, el hecho imponible de las tasas municipales es, con carácter general, y según dispone hoy el art. 20 LHL, la prestación de servicios o la realización de actividades de la competencia municipal que beneficien especialmente a personas determinadas, y concretamente el hecho imponible de la tasa por licencias urbanísticas es la actividad municipal, técnica y administrativa, conducente a verificar y controlar que los actos de edificación, construcción y uso del suelo, a que se refería el art. 78 TR LS, se ajustarán a las normas urbanísticas de edificación, seguridad y policía previstas en la Ley, plan general, planes parciales, programas y normas urbanísticas, actividad que debe culminar con el otorgamiento, en plazo, de la licencia, o con su denegación, pero con la particularidad de que para la exigencia de la tasa se requiere el otorgamiento de la licencia municipal.

En base ó anteriormente exposto, en contra da regulación propia do Concello, procedería a devolución de ambos conceptos tributarios ,incrementados ,a xuízo de quen suscribe, co interese legal polo que atinxe ó imposto. Así o indica o Tribunal Supremo na súa STC de 16 de marzo de 1998:

“Si, pues, el ICIO se devenga en el momento de iniciarse las obras, no puede darse lugar a estimar que en el caso de autos el devengo deba entenderse producido pues no consta que las obras se iniciasen, con lo que, obviamente, procede la devolución de lo que el INSS ingresó en concepto de ICIO, con el abono de los pertinentes intereses legales correspondientes al ingreso total que se hizo el día 2 de febrero de 1994 en concepto de tasa por licencia urbanística y de ICIO.”

A diferenza do suposto que motivou o pronunciamento xurisprudencial precedente ,no que non se dictou acordo algún relativo á licenza ,operando o silencio administrativo, no caso que nos ocupa produciuse o desistimento do interesado, polo que ,a xuízo de quen suscribe, os intereses devengaríanse, no seu caso, únicamente sobre o importe correspondente ó imposto.

En canto ás cantidades ingresadas en concepto de taxa por conexión á rede de sumidoiros e por suministro do cartel de obra ,consonte ás definicións dos feitos impositivos recollidas nas respectivas ordenanzas fiscais (aprobadas ambas polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004, BOP num 250 ,do 30 de decembro), procederá a devolución do seu importe sempre que ,polo que te atinxe ó cartel, non se tivese producido a súa expedición e suministro, e que, no caso da conexión ós sumidoiros ,non se tivese producido a actividade administrativa tendente á comprobación da súa viabilidade, extremos estes que constan no informe urbanístico.

En base ó anteriormente exposto, esta Tesourería, en aplicación do dereito positivo recollido nas ordenanzas fiscais do Concello (artigo 1.6 do Código Civil) e ,sen prexuízo da doutrina xurisprudencial salientada, **informa favorablemente a devolución do importe correspondente ó ICIO 11.092,87 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 495,22 euros, así coma o do correspondente á taxa de conexión ós sumidoiros (2.370,00 euros) e ó suministro do cartel de obra (110 euros), sempre que se proceda previamente ó arquivo do expediente.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: O arquivo do expediente de obras núm. 269/05, a nome de D. Manuel Vidal González, para o proxecto básico de ampliación de edificio de vivendas, sito entre as rúas Daniel Castela nº 27 e Fragata Lealtad, no barrio do Real, de conformidade co

proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. José Luis Domínguez González e visado na data 27.06.05.

Segundo: A devolución do importe correspondente ao ICIO 11.092,87 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 495,22 euros, así coma o do correspondente á taxa de conexión aos sumidoiros (2.370,00 euros) e ó subministro do cartel de obra (110 euros), segundo o informe da tesoureira municipal.

5.D) Visto o oficio remitido pola Dirección Xeral de Calidade y Avaliación Ambiental, da Secretaría de Estado de Cambio Climático, con entrada no Concello o día 13 de outubro de 2010, no que consulta sobre decisión de avaliación de impacto ambiental en relación a s/ref. SGEA/ASM/iig/20090070PUC, cuxo promotor é VARADEROS DE DOMAIO,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 14 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

En relación coa consulta (registro de saída 35488 de 7/10/2009) sobre a decisión de avaliación de impacto ambiental efectuada pola Directora Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino na cal, atendendo o disposto no artigo 17.1 do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro sobre “ACONDICIONAMENTO DE VARADERO EN DOMAIO, T.M. MOAÑA (PONTEVEDRA)”, cuxo promotor resulta ser VARADEROS DE DOMAIO, S.L, este Concello de Moaña sométese a decisión do órgano ambiental competente que determina o artigo 3.2. do referido texto legislativo, facendo constar que resulta obrigado gardar as cautelas que se determina na lexislación sectorial polo posicionamento da instalación. Pola clasificación en solo rústico, a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras, mesma consellería pola avaliación de incidencia ambiental e pola infraestrutura viaria; pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo pola protección arqueolóxica. Cautelas que en principio xulgamos suficientes para acometer as obras previstas.

O Concello de Moaña aume a competencia para o outorgamento de licenza tanto de actividade como urbanística de obras cantos actos regrados ao interior da ribeira do mar, dentro do termo municipal previos autorizacións sectoriais correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino.**

5.E) Visto o oficio remitido por Portos de Galicia, con entrada neste Concello o día 23 de decembro de 2009, no que solicita informe sobre os proxectos “Básico de planta baixa para local social, caseta de control e vixilancia e montaxe de grúa-pluma marítima” e “Proxecto básico e execución para urbanización de marina seca e aparcamento no porto deportivo de Moaña”, cuxo promotor é Club Social Moaña Mar.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 18 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME SOBRE O “PROXECTO BÁSICO DE PLANTA BAIXA PARA LOCAL SOCIAL, CASETA DE CONTROL E VIXIANCIA E MONTAXE DE GRUA-PLUMA MARÍTIMA” E “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A URBANIZACIÓN DE MARINA SECA E APARCAMENTO NO PORTO DEPORTIVO DE MOAÑA”.

A requerimento efectuado co número de saída 24604-9:36, data de 22 de decembro do 2009 pola Consellería do Mar, servizos centrais de Portos de Galicia, solicítase informe en relación o procedemento que se está tramitando neste ente público dunha modificación de concesión administrativa para a ocupación do dominio público portuario do porto de Moaña para a construción e explotación de instalacións náutico deportivas; o alcance da solicitude se reflicte nos denominados “Proyecto Básico para planta baja para local social, caseta de control y vigilancia y montaje de grua-pluma marítima” visado polo COAG o 15/05/2009 e “Proyecto básico y de ejecución para la urbanización de marina seca y aparcamiento en el puerto deportivo de Moaña” igualmente visado polo COAG ó 06/10/2006, con arreglo a eles emítese o presente informe:

O sistema portuario de Moaña constitúe un sistema xeral.

O epígrfe 2.3.2.1. do documento de Revisión e Adaptación das NN. SS. De Planeamento Municipal determina que as regulacións de carácter urbanístico, edificación e análogas estableceranse mediante os oportunos Plans de Utilizacións dos espazos portuarios, e Plans Especiais de ordenación portuaria, de conformidade co establecido na lexislación vixente específica na materia. Carécese dos presentes instrumentos e para a ulterior posta en funcionamento dos servizos non se dispón de xeito reglado de unha ordenación de usos favorables que fagan viables as tramitacións correspondentes por non existir ordenación edificatoria sobre a lámina de auga.

A solución de cerramentos incumple o apartado b) do Artigo 104 relativa a adaptación o ambiente da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 en tanto ser un lugar de paisaxe aberta ou natural de carácter marítima limiten o campo visual para contemplar a beleza e rompan a armonía da paisaxe.

A superficie destinada a aparcamentos privados está en contradicción co concepto de sistema xeral xa que a tenor do determinado polo Artigo 165.1 da Lei 9/2002 enténdese que no sistema xeral portuario destinado a dotacións públicas da titularidade da Comunidade Autónoma deben tender a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos e servizos públicos congruentes co dominio público. Cando menos no proxecto debería ponderarse as capacidades dotacionais do espazo portuario contiguo e de proximidade para satisfacer a demanda e en todo caso dar solución de acceso aberto a outros usuarios.

A marina seca parece resultar excesiva, en tanto en canto o sexa xenerase maior actividade por simultaneidade da súa labor propia e conseguinte alteración medioambiental do entorno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Portos de Galicia.**

6.- DACIÓN DE CONTAS

Dáse conta que na resolución núm. 741/09 a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno en canto ao recoñecemento da obriga.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

7.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o orzamento nº 3291 do 13 de xaneiro de 2010 presentado pola notaría de D. José Luis Espinosa de Soto, solicitado pola Alcaldía para escriturar unha compravenda de terreos do campo de fútbol do Casal, e que ascende a 733,64 euros [no orzamento recóllese que é unha valoración aproximada, non definitiva],

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado a 2010, con cargo á partida 1210-22603.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 733,64 € a favor do notario D. José Luis Espinosa de Soto, con cargo a partida 1210-22603, pola minuta notarial por escritura de compravenda de terros campo de fútbol do Casal.

8.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

8.A) Visto o informe da Tesourería municipal do 18 de xaneiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. Iberdrola, S.A, e Iberdrola Generación S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo

municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Iberdrola S.A(CIF A48010615)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
DECEMBRO 2009	13.215,19	198,23

***Iberdrola Generación S.AU. (CIF A95075586)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
DECEMBRO 2009	19,25	0,29

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola, S.A. e Iberdrola Generación SAU, por 198,23 euros e 0,29 euros respectivamente, polos períodos que se recollen no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

8.B) Visto o informe da Tesourería municipal do 15 de xaneiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade,fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L. (CIF A82207275)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
EXERCICIO 2009	1.176.379,53	17.645,70

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Comercial, S.L., por 17.645,70 euros polo período que se recolle no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

9.- INSCRICIÓN OBRADOIROS 2009-2010 ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Vista a proposta do concelleiro delegado de Cultura do 18 de xaneiro de 2010 en relación á apertura do prazo da cota para os inscritos nos Obradoiros 2009-2010 correspondentes ao segundo trimestre, na que propón a súa aprobación, sendo o prazo **para formalizar o pago dende o 20 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2010,**

Visto o listado de preinscritos nos distintos obradoiros :

BATERÍA				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Aula de batería	CLAUDIA FERNÁNDEZ MALVIDO	10		30€
Aula de batería	DARÍO JALDA FONSECA	10		30€
Aula de batería	OSCAR GUTIERREZ MARTÍNEZ	8		30€
Aula de batería	NAYARA JUNCAL DURÁN	11		30€
Aula de batería	MANUEL VAZQUEZ CORRALES	13		30€
Aula de batería	RAÚL VILARIÑO GONZÁLEZ	8		30€
Aula de batería	LETICIA PEQUEÑO DACOSTA	16		30€
Aula de batería	DENNIS MOLANES FERVENZA	11		30€
Aula de batería	KÄTRIN BALLESTEROS SANJORGE	15		30€
Aula de batería	PABLO VIEITO ROMERO	11		30€
Aula de batería	SABELA ARGIBAY OTERO	15		30€
Aula de batería	BORJA BOUBETA NOGUEIRA	15		30€
Aula de batería	JAEL OTERO PÉREZ	15		30€
Aula de batería	IRIA PARDO SANTOMÉ	15		30€
Aula de batería	DAVID FERREIRA PÉREZ	19		30€
Aula de batería	ALEJANDRO CANCELAS TRIGO	17		30€

MÚSICA E TEATRO				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Música e Teatro	NICOLÁS FERNÁNDEZ MALVIDO	13		30€
Música e Teatro	ÓSCAR GUTIÉRREZ MARTINEZ	8		30€

Música e Teatro	LAURA DURÁN FERVENZA	9		30€
Música e Teatro	ANA ISABEL BAANANTE POZO	10		30€
Música e Teatro	AARON BON NOVAS	9		30€
Música e Teatro	ANA RODRÍGUEZ COSTA	8		30€

HIP HOP 9 a 12 anos				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Hip-Hop 1	UXIA REBOIRO DEL RÍO	12		15€
Hip-Hop 1	ANDREA VILARIÑO TENORIO	10		15€
Hip-Hop 1	NEREA ROSALES CARBALLO	9		15€
Hip-Hop 1	IRIA PORTELA SOLIÑO	9		15€
Hip-Hop 1	CLAUDIA FERNÁNDEZ MALVIDO	10		15€
Hip-Hop 1	CLAUDIA RIOBÓ MASENLE	9		15€
Hip-Hop 1	ELBA NÚÑEZ ENALES	9		15€
Hip-Hop 1	ARIADNA AGRA CURRÁS	9		15€
Hip-Hop 1	CELIA CORES ANTEPAZO	10		15€
Hip-Hop 1	AARÓN SANTOS COMESAÑA	11		15€
Hip-Hop 1	MARÍA PENA FRANCISCO	9		15€
Hip-Hop 1	LAURA ROUCO OTERO	10		15€
Hip-Hop 1	LINDBERG N. THORSTEINSSON	9		15€
Hip-Hop 1	OLAYA CUATODIA SOAGE	9		15€
Hip-Hop 1	SERGIO RÚA COSTA	9		15€
Hip-Hop 1	SARA RODRIGUEZ DASILVA	11		15€
Hip-Hop 1	ANTÍA PENA PENA	9		15€
Hip-Hop 1	XIANA CASAS DEL RÍO	10		15€
Hip-Hop 1	NAIARA BARREIRO MARTÍNEZ	9		15€
Hip-Hop 1	MAROLA RIOBÓ SANTOMÉ	9		15€

HIP HOP 13 a 18 anos				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Hip-Hop 2	ROMINA VEIGA ROSALES	17		15€
Hip-Hop 2	TAMARA RIOSECO MOREIRA	16		15€
Hip-Hop 2	DESIREE GÓMEZ MARTÍNEZ	15		15€
Hip-Hop 2	BRENDA ROSALES DASILVA	15		15€
Hip-Hop 2	IRIS CASAS DOMINGUEZ	17		15€
Hip-Hop 2	NATALIA FDEZ. LÓPEZ PINTOS	14		15€
Hip-Hop 2	VICTORIA FDEZ. LÓPEZ PINTOS	15		15€
Hip-Hop 2	LETICIA PEQUEÑO DACOSTA	16		15€
Hip-Hop 2	IRIA PARDO SANTOMÉ	15		15€
Hip-Hop 2	FÁTIMA VAZQUEZ DOSANTOS	14		15€
Hip-Hop 2	MARÍA BOUBETA DEL RÍO	14		15€
Hip-Hop 2	KÁTRIN BALLESTEROS SANJORGE	15		15€
Hip-Hop 2	GABRIELA GARCÍA BLANCO	14		15€
Hip-Hop 2	YAIZA BASCOECHEA PAREDES	15		15€
Hip-Hop 2	CINTIA REYES MILLARA	14		15€
Hip-Hop 2	JENNIFER ABAL FERNÁNDEZ	14		15€
Hip-Hop 2	CINTIA GONZÁLEZ SOAGE	17		15€
Hip-Hop 2	CARLA VALTIERRA COUÑAGO	15		15€
Hip-Hop 2	ANDREA PIÑEIRO MARTÍNEZ	14		15€

Hip-Hop 2	SIBONEY CURRO COSTA	14	15€
-----------	---------------------	----	-----

INFORMATICA MUSICAL				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
Inform. musical	LUCIA CORDEIRO ÁLVAREZ	16		15€
Inform. musical	MARÍA JALDA MIRANDA	35		15€
Inform. musical	AGUEDA CHAPELA	45		15€
Inform. musical	Mª CORAL RIVAS MARTÍNEZ	51		15€
Inform. musical	Mª JESUS GUTIERREZ SAMPEDRO	32		15€
Inform. musical	LINO BARCIA SANTOMÉ	32		15€

SOLFEXO DE ADULTOS				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	€/TRIM.
Solfexo adultos	MERCEDES CANCELAS COSTAS	49		15€
Solfexo adultos	CARMEN RIOBÓ PASTORIZA	45		15€
Solfexo adultos	XOSÉ BIEITO PÉREZ CARRERA	42		15€
Solfexo adultos	JOSE Mª JUNCAL SEQUEIROS	65		15€
Solfexo adultos	TERESA ALIDA MOREIRA MTNEZ.	45		15€
Solfexo adultos	CARLOS GÓMEZ ZUNZUNEGUI	51		15€
Solfexo adultos	Mª SONIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	39		15€
Solfexo adultos	BEATRIZ MAGALLANES MOREIRA	41		15€
Solfexo adultos	SAGRARIO VILARIÑO MEIRA	44		15€
Solfexo adultos	LUCIA GARCIA CARCIA	54		15€
Solfexo adultos	CELIA MOLARES VALVERDE	45		15€
Solfexo adultos	AGAPITO ROSENDO CALVAR	30		15€

Primeiro: aprobar a realización dos obradoiros da Escola Municipal de Música para o segundo trimestre, aprobar a relación de preinscritos e abrir o prazo de pagamento, dende o 20 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2010.

Segundo: trasladar o acordo á Recadación municipal para que se proceda ao seu cobro.

10.- SOLICITUDE A PORTOS DE GALICIA PARA A TRAMITACIÓN DE AMPLIACIÓN DA ZONA PORTUARIA DE MEIRA (MOAÑA).

Visto o texto do escrito proposto para a súa remisión a Portos de Galicia co obxecto de tramitar a ampliación da zona portuaria de Meira, que se reproduce de seguido, o cal se acompaña de dous planos::

O actual deslinde do dominio público marítimo-terrestre no Concello de Moaña, aprobado por Resolución da Dirección General de Costas de 17 de xullo de 2007, delimita a zona portuaria de Meira, adscrita á Xunta de Galicia a través do entre público Portos de Galicia, entre os puntos R-307 e R-331, tal como se sinala no plano 01 que se adxunta.

Esta delimitación deixa fóra da demarcación de Portos unha zona que polos seus usos e características complementa os usos portuarios, en concreto unha parte da rambla de varada e as instalacións da Sociedade Deportiva Samertolameu de Meira, dedicadas á práctica do remo. A

superficie onde se sitúan ambas instalacións, de nulo interese para a preservación do litoral, teñen non obstante unha grande importancia á hora de completar a zona portuaria de Meira.

Aos efectos de subsanar esta anomalía, mellorar o funcionamento do porto pesqueiro e regularizar a situación do inmovible destinado a usos deportivos, as entidades abaixo asinantes solicitamos:

- Que por parte do Ente Público Portos de Galicia se tramite o expediente oportuno e se solicite diante do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino a ampliación da zona portuaria de Meira, adscribindo á mesma a superficie comprendida entre os puntos R-331 e R-339, tal como se recolle no plano adxunto 02, entre o límite da ribeira do mar e a liña de deslinde do dominio público marítimo-terrestre.ç

Moaña, 8 de xaneiro de 2010-01-22

Polo Concello de Moaña:
Xosé M. Millán Otero (Alcalde) DNI...

Pola Confraría de Pescadores San Martín de Moaña:
Manuel Pena Chapela (Patrón Maior) DNI...

Pola Sociedade Deportiva Samertolameu de Meira:
Lisardo Pérez Villaverde (Presidente) DNI...

Pola Asociación de Mariscadoras Santa Lucía de Moaña:
Valentina Calvar Fernández (Presidenta) DNI...

Por CIES Artesanais, Sociedade Cooperativa Galega:
Juan J. Martínez Trigo (Presidente) DNI...

Por MAR DO MORRAZO. Sociedade Cooperativa Galega:
José Carlos Veiga Sampetro (Presidente) DNI...

Pola Sociedade Cooperativa SOCOMGAL:
Manuel Pena Chapela (Presidente) DNI...

Pola Asociación de Mexilloeiros RIANOSA
Víctor Piñeiro Martínez (Presidente) DNI...

Pola Asociación de Mexilloeiros RÍA DE VIGO:
Vicente Martínez Núñez (Presidente) DNI...

Pola Asociación 7ª LISTA-AFERRÓNS:
Pedro Riobó Costa (PresidenteI) DNI...

Pola Asociación SUESTE de embarcacións tradicionais:
Miguel Ángel Cidrás Robles (Presidente) DNI...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o contido do texto proposto para a súa remisión a Portos de Galicia, subscribilo co resto das entidades que figuran na relación e facultar ao alcalde para a súa sinatura en representación do Concello.

11.- LICENZAS MUNICIPAIS PARA A TENZA DE CANS PERIGOSOS

Visto o informe-proposta achegado pola secretaría municipal de data 18 de xaneiro de 2010, que textualmente di:

O Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se **regula a tenza de animais potencialmente perigosos** na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos, establece, no seu artigo 3º, que a tenza de animais potencialmente perigosos requirirá a obtención previa dunha licenza administrativa outorgada polo concello correspondente que deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención. Ademais, o seu artigo 4º, indica que:

1. Os titulares da licenza municipal deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, que se establece con esta finalidade en todos os concellos, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

...

3. Os concellos remitirán os datos do rexistro municipal ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, no prazo máximo de 15 días, contados desde o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

Estes extremos recóllense tamén na ORDENANZA MUNICIPAL DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE E CANS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Advertida a omisión de remisión dos datos do rexistro municipal de animais potencialmente perigosos á sección do *Rexistro galego de identificación de animais potencialmente perigosos*, e advertido tamén que xa transcorreron máis de cinco anos dende o outorgamento dalgunha das licenzas, **proponse**

Primeiro: Aprobar o listado das licenzas concedidas para a tenza de cans potencialmente perigosos desde o ano 2004 ata a última concedida, a 2/2010, para a súa remisión ao *Rexistro galego de identificación de animais potencialmente perigosos*.

Segundo: Notificarlle ás persoas titulares cuxas licenzas se outorgasen hai máis de cinco anos que deben renova-la, segundo se recolle no Decreto 90/2002.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as proposta nos seus xustos termos.

12.- EXPEDIENTE DE INCAPACIDADE PERMANENTE DUN TRABALLADOR.

Visto o informe do departamento de persoal do 18 de xaneiro de 2010 sobre Expediente de Incapacidade Permanente dun Traballador que di:

Visto o informe do INSS onde se informa que no expediente tramitado por dita entidade a nome do traballador D. CARLOS ÁLVAREZ CASAS, con DNI ..., recaiu resolución pola que se recoñece con efectos económicos 08/10/2009 a prestación de INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE ABSOLUTA.

Data a partir da cal pódese instar a revisión por agravación ou melloría: 23.05.2011.

Dáse conta a Xunta de Goberno e posterior traslado á Xestoría La Social e á intervención municipal.

Vista a notificación de resolución ref. 2009 514809 68,

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda trasladarlle o acordo á Xestoría La Social e á intervención municipal.

13.- SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN

D.^a Laura Posada García, por escrito con entrada neste Concello o día 3 de novembro de 2009, solicita a inscrición no rexistro municipal de asociacións, da ASOCIACIÓN ECUESTRE “AS RIENDAS”.

Comprobada a documentación achegada coa solicitude advírtese que falta a certificación do número de socios/as que recolle o artigo 2 do *Regulamento de participación veciñal*, omisión que se lle notifica mediante requirimento do 6 de novembro de 2009 para a súa subsanación. Subsanan o día 23 de novembro de 2009.

Vista que a solicitude presenta toda a documentación requirida para a súa inscrición no rexistro municipal de asociacións,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a inscrición da ASOCIACIÓN ECUESTRE “AS RIENDAS” no rexistro municipal de asociacións.

14.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE 1ª RELACIÓN DE OBRAS A FINANCIAR A TRAVÉS DO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL

O Goberno do Estado, mediante Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro (B.O.E. de 27 de outubro de 2009) crea o “Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local”. O Ministerio de Política Territorial, por resolución de 2 de novembro de 2009, aproba o modelo para a presentación de solicitudes e a tramitación dos recursos librados con cargo ao Fondo.

De acordo cos criterios establecidos para o reparto do Fondo, corresponde ao Concello de Moaña a cantidade de 2.022.581,00 €, para o financiamento de obras, equipamentos e servizos. Atendendo ás finalidades fixadas no Real Decreto-lei e á resolución citada propónse como 1ª relación de obras a executar a seguinte, co financiamento que se sinala:

1.- “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira”	441.623,84 €
IVE 16%.....	70.659,81 €
P.E.C.....	512.283,65 €

2.-“Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña	96.616,10 €
IVE 16%.....	15.458,57 €
P.E.C.....	112.074,67 €
3.- “Obras de reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)	39.049,06 €
IVE 16%.....	6.247,85 €
P.E.C.....	45.296,91 €
4.- “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña).....	65.121,41 €
IVE 16%.....	10.419,42 €
P.E.C.....	75.540,83 €
5.- “Construción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do concello de Moaña”.....	86.206,90 €
IVE 16%.....	13.793,10 €
P.E.C.....	100.000,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a 1ª relación de obras e o financiamento recollidos na proposta da Alcaldía. Así mesmo, a Xunta de Goberno acorda cumprimentar as citadas propostas coa documentación requirida na normativa anteriormente citada e remitilos ao Ministerio de Política Territorial.

15.- RECLAMACIÓNS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

15A) D.Julio Bará Narciso, por instancia con entrada no Concello o día 15 de xaneiro de 2010, presenta reclamación de danos polos danos ocasionados no seu vehículo matrícula 30147 BYH, por un contedor de lixo para envases (de cor amarela), situado nunha illeta xunto con outros contedores, na estrada Po-551, fronte á casa sita en Moureira, 29, Meira. Expón que na madrugada do xoves 14 de xaneiro, polo temporal, e por falta de suxeición, o contedor foi arrastrado polo vento, cruzou a estrada e impactou contra o seu coche que estaba correctamente aparcado na marxe de dita estrada. Indica que a Policía Local, a solicitude súa, levantou atestado e tomou fotografías. Acompaña orzamento por importe de 590,70 pola reparación dos danos sufridos no seu coche e solicita o reembolso, por parte do Concello ou da concesionaria do servizo, do gastos valorados en 590,07 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude feita por D. Julio Bará Narciso por canto os contedores están adscritos ao servizo de recollida de lixo que xestiona a Mancomunidade de Concellos do Morrazo.

15.B) D^a. Marina Couselo Filgueira, en representación da entidade Segurcaixa, S.A., por escrito presentado na Subdelegación do Goberno en Pontevedra o día 11 de xaneiro de 2010 e entrada no Concello o día 14 de xaneiro deste ano, formula reclamación por responsabilidade patrimonial da Administración. Os feitos que recolle son que a aseguradora ten contratada unha póliza de seguro de fogar para o inmovible sito no lugar de Casal, 89, Moaña, propiedade de D. José Antonio Sotelo Riobó, que o día 4 de outubro de 2009 produciuse unha avaría na rede de sumidoiros pertencente ao Concello, que provocou o retroceso e revoque das augas residuais que ocasionou a inundación no garaxe da vivenda asegurada por SegurCaixa, que acadou os 5 cms de altura e que danou os obxectos que estaban gardados nel. Acompaña informe pericial de danos causados valorados en 2.569,30 euros. A entidade aseguradora abonoulle o importe dos danos causado ao seu asegurado. Solicítase que, unha vez declarada a responsabilidade patrimonial da Administración en favor de Segurcaixa, SA, se lle pague a cantidade de 2.569,30 euros en concepto de indemnización polos danos causados na vivenda sita no lugar de Casal, 89, de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar o solicitado por canto a rede de augas fecais está adscrita ao servizo de abastecemento, saneamento e depuración, entregado en réxime de concesión á empresa AQUALIA.

16.- FURANCHOS

D. JOSÉ GRAÑA GARCÍA solicita autorización para abrir un furancho na súa bodega para a venda de 1.400 litros de viño branco e tinto de colleita propia, en Paradela 105, desde o 26 de marzo a finais do mes de abril de 2010. Presenta declaración de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural e ficha de explotación vitícola provincial.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado desde o 26 de marzo ata finais do mes de abril de 2010, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

17.A) A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relación a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSÉ CAO COSTA	Saneamento, uso	Couso, 99	Dereitos conexión180 €	Aqualia

	doméstico			Arqt. Téc. Mun.
M ^a DE LA SOLEDAD BUDIÑO ANTEPAZO	Augo uso doméstico	Ramón Cabanillas, 148- duplex 3º C	Taxas conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
ANGEL JOAQUÍN DÍAZ MARTÍNEZ	Saneamento uso doméstico	Reibón, 152 B - Meira	Saneamento 180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.

17.B) D.^a María del Pilar Martínez Currás, por escrito do 13 de xaneiro de 2010, expón que por motivo de cambio de propiedade por herdanza da vivenda sita na r/ Fragata Almansa, 34 C, solicita poñer ao seu nome no padrón de auga e saneamento a titularidade da vivenda, que antes estaba a nome de D. Benito Martínez Rosales. Achega copia do testamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o cambio no padrón de auga e saneamento do titular da vivenda situada na rúa Fragata Almansa, 34 C, que estaba a nome de D. Benito Martínez Rosales e pasa ao de D.^a María del Pilar Martínez Currás.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.